

Lei 2/1990, do 21 de xuño, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1990

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 21, do 19.4.1990.

Emendas á totalidade, BOPG núm. 29, do 12.5.1990.

Emendas parciais, BOPG núm. 32, do 19.5.1990.

Debate de totalidade, DSPG núms. 15, do 15.5.1990; 16, do 16.5.1990; 17, do 17.5.1990, e 18, do 18.5.1990.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 35, do 28.5.1990.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 40, do 9.6.1990.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 40, do 9.6.1990.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núms. 22, do 12.6.1990; 23, do 13.6.1990; 24, do 14.6.1990, e 25, do 15.6.1990.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 42, do 20.6.1990.

Diario Oficial de Galicia núm. 127, do 30.6.1990.

Boletín Oficial del Estado núm. 227, do 21.9.1990.

Lei 2/1990, do 21 de xuño, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1990

De acordo cos imperativos legais contidos fundamentalmente no Estatuto de autonomía de Galicia, preséntaselle ó Parlamento desta Comunidade Autónoma, para a súa aprobación, a Lei de presupostos xerais para o ano 1990.

A lei que se somete a valoración e discusión parlamentaria regula na súa parte dispositiva o proceso de execución presupostaria nos seus aspectos xurídicos e económicos. O estado de gastos e o estado de ingresos reflecten, respectivamente, o destino e a orixe dos recursos estimados. A súa estrutura responde ós parámetros convencionais, aínda que baixo esa aparencia formal de continuísmo presupostario se realicen importantes cambios nas orientacións do gasto coa finalidade de conseguir maiores niveis de eficiencia económica. Simultaneamente demándaselle un esforzo financeiro á Comunidade co obxecto de atender necesidades urxentes e prioritarias, así como o de provocar impactos eficaces nas magnitudes significativas da economía galega.

Á marxe destes aspectos substanciais de reasignación e dimensión presupostarios, hai que destacar do seu contido as seguintes cuestións puntuais:

a) A consolidación normativa do sistema retributivo establecido pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, desaparecendo do seu articulado a transitoriedade derivada da coexistencia de diversos réximes remunerativos, consecuencia da complexa integración na Administración da Comunidade Autónoma de funcionarios procedentes de moi variados entes e organismos.

b) A reforma dos preceptos da Lei 3/1984, do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia, relativos ás normas aplicables ós organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo e ás empresas públicas, no sentido de adecuar debidamente o cometido que teñen encomendado ás características da súa propia natureza e á diferenciación que polo seu obxecto as separa, cunha regulación que garanta suficientemente a responsabilidade dos órganos directivos na súa actuación respecto da actividade que desenvolven.

c) O inicio dun período de profunda racionalización da Administración autonómica, cunha reordenación dos servicios centrais, eliminando postos de traballo de carácter non operativo e poten-

ciando algúns servizos considerados prioritarios na cultura organizativa e, así mesmo, reforzando as unidades periféricas fundamentais para levar a cabo sen traumas a desconcentración de competencias, que esixirá, loxicamente, medios materiais e persoais de acordo co nivel que a normativa vixente estableceu.

Por último, débese constatar que esta Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 1990 vén poñerlle fin a un período de interinidade, no que rexeron, prorrogados, os presupostos de 1989, coa problemática que isto comporta.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1990.

Título I
Da aprobación
dos presupostos e das
súas modificacións

Capítulo I
Créditos iniciais
e financiamento
dos mesmos

Artigo 1. Dos créditos iniciais.

1. Apróbanse os presupostos xerais da Comunidade Autónoma

de Galicia para o exercicio de 1990, integrados por:

a) O presuposto da Comunidade Autónoma.

b) Os presupostos dos organismos autónomos da Comunidade Autónoma de carácter administrativo.

c) O presuposto do organismo autónomo da Comunidade Autónoma de carácter industrial e financeiro, Instituto Galego da Vivenda e Solo.

d) O presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e os das sociedades para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión.

e) Os presupostos das empresas públicas galegas.

2. No estado de gastos dos presupostos da Comunidade Autónoma concédense créditos para atenderlo cumprimento das súas obrigas por un importe de trescentos corenta e nove mil oitocentos setenta e tres millóns novecentas dez mil pesetas (349.873.910.000).

O presuposto de gastos da Comunidade Autónoma financiarase:

a) Cos dereitos económicos que se liquidarán no exercicio, estimados nun importe de trescentos catro mil trescentos setenta e tres millóns novecentas dez mil pesetas (304.373.910.000).

b) Coas operacións de endebedamento reguladas no artigo 15 desta lei.

Os créditos correspondentes ós servizos transferidos do Instituto Nacional de Servizos Sociais, por un importe de catro mil cincocentos noventa e tres millóns de pesetas (4.593.000.000), están incluídos nos créditos consignados no estado de gastos citado e o seu financiamento nos dereitos económicos referidos neste número.

Os beneficios fiscais que afectarán ós tributos cedidos á Comunidade Autónoma estímense en mil novecentos cincuenta e sete millóns de pesetas (1.957.000.000).

3. Os estados de gastos e ingresos dos organismos autónomos de carácter administrativo ascenden a seiscentos cincuenta e seis millóns catrocentas mil pesetas (656.400.000), co seguinte detalle:

Escola Galega de Administración Pública: 247.160.000.

Instituto Galego de Estatística: 409.240.000.

Os estados de gastos e ingresos do organismo autónomo de carácter industrial e financeiro, Instituto Galego da Vivenda e Solo, ascenden a catorce mil cento noventa e oito millóns cincocentas oitenta mil pesetas (14.198.580.000).

4. No presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia concédense as dotacións necesarias para atenderlo desenvolvemento das súas actividades por un importe total de mil noventa e sete millóns cento corenta e nove mil pesetas

(1.097.149.000), estimándose os seus recursos en igual contía.

Nos presupostos das sociedades para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión a que se refire a Lei 9/1984, do 11 de xullo, concédense as seguintes dotacións:

Televisión de Galicia, Sociedade Anónima, por un importe total de sete mil cincocentos sesenta e catro millóns setecentas cincuenta e cinco mil pesetas (7.564.755.000 ptas.), ascendendo os recursos a igual contía.

Radiotelevisión de Galicia, Sociedade Anónima, por un importe total de seiscentos cincuenta e oito millóns cincocentas trinta e cinco mil pesetas (658.535.000), ascendendo os recursos a igual contía.

5. Nos presupostos das empresas públicas galegas inclúense as estimacións e previsións de gastos e ingresos referidos ás mesmas e ós seus estados financeiros en atención á peculiaridade da súa actividade específica.

Artigo 2. Distribución funcional dos créditos, transferencias internas entre entes e ingresos consolidados.

1. Os créditos incluídos nos capítulos I ó IX dos estados de gastos dos presupostos da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos agrúpanse en programas en función dos obxectivos que hai que conseguir. O seu importe consolidado, que ascende

a trescentos cincuenta e catro mil cincocentos catorce millóns noventa e cinco mil pesetas (354.514.950.000), distribúese, en atención á índole das funcións que hai que realizar e polas contías que se detallan, como segue:

Alta dirección da Comunidade Autónoma	2.628.257.723
Administración xeral	4.650.190.284
Seguridade Social e protección social	24.441.048.758
Promoción social	9.810.556.918
Protección Civil	509.989.166
Sanidade	9.552.070.000
Educación	111.117.694.528
Vivenda	14.524.390.799
Benestar comunitario	7.030.781.530
Cultura	10.713.880.956
Outros servizos comunitarios e sociais	8.155.836.564
Infraestrutura básica e de transporte	26.932.697.985
Outras infraestruturas	12.338.059.463
Investigación científica, técnica e aplicada	2.457.557.319

Información estatística básica	230.770.000
Actuacións económicas xerais	1.276.058.911
Comercio	1.461.252.500
Actividades financeiras	2.261.958.412
Agricultura, gandería e pesca	20.031.416.778
Industria	1.065.375.649
Enerxía	3.022.000.000
Minería	235.200.000
Turismo	1.791.946.549
Reordenación industrial	6.544.426.531
Desenvolvemento empresarial	2.936.692.677
Transferencias a entidades locais	60.690.140.000
Débeda pública	8.104.700.000

2. As transferencias internas entre os entes referidos no artigo 1.1, letras a), b) e c), importan dez mil douscentos trece millóns noventa e cinco mil pesetas (10.213.940.000). Os créditos necesarios para a súa realización están incluídos nos importes consignados nos números 2 e 3 do artigo anterior e teñen o seguinte detalle:

Orixe	Destino	Xunta	OO.AA. AA.	OO.AA.CC. II. e FF.	Total
Xunta			477.930.000	8.018.190.000	8.496.120.000
Organismos autónomos administrativos		178.470.000			178.470.000
Organismos autónomos comerc., indust., financ. ou análogos		1.539.350.000			1.539.350.000
Total		1.717.820.000	477.930.000	8.018.190.000	10.213.940.000

3. Os ingresos consolidados dos entes a que se refire o punto anterior distribúense como segue:

Entes	Capítulos económicos	Capítulos I a VII Ing. non financ.	Capítulo VIII Act. financ.	Capítulo IX Pasi. financ.	Total de Ingresos
Xunta		302.636.090.000	20.000.000	45.500.000.000	348.156.090.000
Organismos autónomos administrativos			178.470.000		178.470.000
Organismos autónomos comerc., indust., financ. ou análogos		3.991.030.000	1.539.360.000	650.000.000	6.180.390.000
Total		306.637.120.000	1.737.830.000	46.150.000.000	354.514.950.000

Capítulo II

Réxime xeral dos créditos e das súas modificacións

Artigo 3. Principios xerais.

Durante a vixencia desta lei rexerán os seguintes principios sobre modificacións de créditos:

1.— As modificacións nos créditos iniciais do presuposto axustaranse ó establecido na Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia, agás o disposto nesta lei.

2.— Todo acordo de modificación presupostaria deberá indicar expresamente, ademais do ente

público ou da sección a que se refira, o programa, o servizo ou organismo autónomo, o artigo, o concepto e subconcepto afectado pola mesma, incluso naqueles casos nos que o crédito se consigne a nivel de artigo. Non obstante, as limitacións sinaladas no artigo 50.2 da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia entenderanse referidas a nivel de concepto para aqueles casos nos que a vinculación establecida o sexa a nivel de artigo.

A correspondente proposta de modificación deberá expresa-la incidencia na consecución dos respectivos obxectivos de gasto e as razóns que a xustifican.

3.— Cando as modificacións autorizadas afecten a créditos do capítulo I, «Gastos de persoal», a Consellería de Economía e Facenda deberallas comunicar á da Presidencia e Administración Pública para o seu coñecemento.

4.— Poderán xerar crédito nos estados de gastos dos centros que realizan funcións de inspección e control os ingresos derivados de sancións e recargos acordados nos correspondentes procedementos administrativos, con ocasión do seu efectivo ingreso no Tesouro público galego.

Estas xeracións aplicaranse á mellora dos servizos que leven a cabo as citadas funcións de inspección e control.

5.— A Consellería de Economía e Facenda, dentro dos primeiros quince días hábiles de cada mes, daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de tódalas modificacións acordadas ó abeiro do establecido na presente lei.

Artigo 4. Competencias específicas en materia de modificacións presupostarias.

1. Con validez exclusiva para 1990 autorízanselle ó conselleiro de Economía e Facenda as seguintes competencias específicas en materia de modificacións presupostarias:

a) Para incorporar ó presuposto de 1990 os remanentes de crédito de exercicios anteriores existentes

na sección 05, programas 721A e 721B, «Apoio á empresa agraria e pesqueira» e «Apoio á empresa industrial e de servizos», respectivamente, para os fins previstos na disposición adicional oitava.

b) Para xerar crédito no programa 531B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», por un importe igual á diferenza que poida existir entre a liquidación definitiva da porcentaxe de participación nos ingresos do Estado en 1989 e a estimada no estado de ingresos para o presente exercicio.

Este crédito será destinado a ampliar-la dotación do Fondo Galego de Cooperación Local.

c) Autoriza-las xeracións de crédito que se produzan en virtude do establecido no artigo 3, punto 4, desta lei.

d) Para ampliar ata unha suma igual ás obrigas que se recoñezan, logo do cumprimento das formalidades legalmente establecidas ou das que se establezan, os créditos que, incluídos no presuposto da Comunidade Autónoma, nos dos organismos autónomos e/ou nos doutros entes públicos aprobados por esta lei, se enumeran a seguir:

1.— As cotas de Seguridade Social e o complemento familiar, así como as aportacións que, se é o caso, lle corresponda efectuar á Comunidade Autónoma ó réxime de previsión social dos seus funcionarios.

2.— Os trienios derivados do cómputo do tempo de servizos

realmente prestados á Administración.

3.— Os que se destinen ó pagamento de intereses, amortizacións do principal e gastos derivados da débeda pública emitida pola Comunidade Autónoma ou operacións de crédito concertadas por ela. Os pagamentos indicados aplicaranse, calquera que sexa o seu vencemento, ós respectivos créditos do exercicio económico de 1990.

4.— Os destinados ó pagamento das obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Xunta de Galicia, dándolle conta ó Parlamento no prazo de un mes.

5.— Os destinados a satisfacer as cantidades que deben percibirlos liquidadores do Distrito Hipotecario en concepto de indemnizacións e compensacións dos gastos orixinalos pola recadación e xestión de autoliquidacións practicadas polo Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e pola recadación e práctica das liquidacións do Imposto sobre Sucesións e Doacións.

6.— Os créditos destinados ó pagamento dos premios de cobranza e participacións en función da recadación de vendas e restantes créditos de vivendas, solares, locais e edificacións complementarias correspondentes ó Instituto Galego da Vivenda e Solo, así como os referentes ós traballos de facturación e apoio á

xestión do patrimonio inmobiliario do devandito Instituto, que se establezan de acordo coas cifras recadadas no período voluntario.

7.— O crédito destinado ó financiamento de préstamos que se lle concedan ó persoal ó servizo da Administración autónoma en función da recadación que se produza como consecuencia de reintegros efectuados para a cancelación dos mesmos.

8.— Os créditos destinados a pagamentos de cotas e contribucións a organismos internacionais que participe ou sexa membro a Comunidade Autónoma.

9.— Os destinados ó pagamento dos premios de cobranza dos tributos e demais ingresos de dereito público da Comunidade Autónoma.

10.— Os que se deriven dos gastos e das subvencións electorais ós partidos políticos, coalicións e agrupacións.

11.— Os que se deriven do cumprimento de sentencias firmes.

12.— Os créditos de transferencias a favor da Xunta de Galicia que figuren nos presupostos de gastos dos organismos autónomos, ata o importe dos remanentes da Tesourería que resulten como consecuencia da xestión dos mesmos.

13.— O crédito 04.15.231A.226.09, destinado á cobertura de necesidades de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia.

Será facultade da Consellería de Economía e Facenda, en consideración ó nivel en que se veñan desenvolvendo os ingresos, reter crédito noutros conceptos presupostarios, para financiar as ampliacións deste epígrafe.

Título II

Dos gastos de persoal

Capítulo I

Retribucións do persoal

Artigo 5. Aumento de retribucións do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma.

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 1990, a contía dos compoñentes das retribucións do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma, excepto o sometido á lexislación laboral, experimentará o seguinte incremento con respecto ás establecidas para o exercicio de 1989:

a) As retribucións básicas deste persoal, así como as complementarias de carácter fixo e periódico asignadas ós postos de traballo que desempeña, experimentarán un incremento do 6%, sen prexuício, se é o caso, da adecuación destas últimas cando sexa necesaria para asegurar que a retribución total de cada posto de traballo garde a relación procedente co

contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade e penosidade do mesmo.

b) O conxunto das restantes retribucións complementarias terá así mesmo un crecemento do 6%, sen prexuício das modificacións que se deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para o mesmo e do resultado individual da súa aplicación.

c) Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei, quedando excluídos do aumento do 6% previsto na mesma.

d) O complemento familiar rexerase pola súa normativa específica, excluíndose do aumento a que se refire a presente lei.

e) As indemnizacións por razón do servizo rexeranse pola súa normativa específica.

2. O incremento de retribucións previsto no presente artigo é aplicable ó persoal non laboral ó servizo de:

a) Os órganos estatutarios de Galicia, sen prexuício do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de Galicia para o Parlamento.

b) A Administración da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos.

c) A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as sociedades para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión.

d) A Universidade.

e) O restante persoal ó que lle resulte de aplicación o réxime estatutario dos funcionarios públicos.

3. Así mesmo, e con efectos do 1 de xaneiro de 1990, a masa salarial do persoal laboral dos entes e organismos que se indican no número anterior non poderá experimentar un incremento global superior ó 6%, comprendendo nesta porcentaxe o de tódolos conceptos, sen prexuício do que se puidese derivar da consecución dos obxectivos asignados a cada ente ou organismo mediante o incremento da produtividade ou a modificación dos sistemas de organización do traballo ou clasificación profesional.

O previsto no parágrafo anterior representa o incremento máximo da masa salarial, cunha distribución e aplicación individual que se producirá a través da negociación colectiva.

Entenderase por masa salarial, para os efectos desta lei, o conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social devengados durante 1989 polo persoal laboral afectado, co límite das contías informadas favorablemente pola Consellería de Economía e Facenda para o

devandito exercicio presupostario, exceptuándose, en todo caso:

a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.

b) As cotizacións ó sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.

c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.

d) As indemnizacións ou suplidos por gastos que tivese que realízalo traballador.

Os incrementos da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto ós dos períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos reais de persoal laboral e antigüidade do mesmo coma ó réxime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose, en consecuencia, por separado as cantidades que correspondan á variación de tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para 1990 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas do pertinente acordo e tódalas que se producen ó longo do ano 1990, agás as que lle corresponda devengar ó devandito persoal no citado ano polo concepto de antigüidade.

As indemnizacións ou suplidos deste persoal non poderán experimentar crecementos superiores ós que se establezan con carácter

xeral para o persoal non laboral da Administración da Comunidade Autónoma.

Artigo 6. Retribucións dos altos cargos.

1. As retribucións totais e exclusivas, incluídas as pagas extraordinarias, dos altos cargos fíxanse para o ano 1990 nas seguintes contías:

Presidente	9.349.900
Conselleiros	7.699.423
Secretarios xerais técnicos, directores xerais e asimilados	6.129.728

2. Os altos cargos terán dereito á percepción dos trienios que puidesen ter recoñecidos como funcionarios e persoal ó servizo das administracións públicas.

3. As retribucións dos presidentes e vicepresidentes e, se é o caso, as dos directores xerais, cando lles corresponda o exercicio das funcións executivas de máximo nivel dos entes e das entidades de dereito público a que se refire o artigo 7.1.b) da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia, serán autorizadas polo Consello da Xunta, por proposta do titular da Consellería á que se atopen adscritos.

As devanditas retribucións serán aboadas con cargo ós presupostos propios destas entidades e da súa contía individualizada daráselle conta á Comisión de Economía,

Facenda e Presupostos do Parlamento de Galicia.

Artigo 7. Retribucións dos funcionarios da Comunidade Autónoma incluídos no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio.

Un.— De conformidade co establecido no artigo 5.1 desta lei, as retribucións que van percibir no ano 1990 os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, que desempeñan postos de traballo para os que o Goberno da Comunidade aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na devandita lei, serán as seguintes:

a) O soldo e os trienios que correspondan ó grupo no que se atope clasificado o corpo ou a escala a que pertenza o funcionario, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Grupo	Soldo	Trienios
A	1.474.788	56.604
B	1.251.708	45.288
C	933.048	33.972
D	762.936	22.668
E	696.480	17.004

b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ó ano, por un importe cada unha delas de unha mensuralidade do soldo e trienios e que se devengarán de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 13/1988.

c) O complemento de destino correspondente ó nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Pesetas
30	1.295.016
29	1.161.612
28	1.112.748
27	1.063.884
26	933.348
25	828.096
24	779.232
23	730.380
22	681.504
21	632.748
20	587.748
19	557.712
18	527.712
17	497.676
16	467.688
15	437.652
14	407.640
13	377.616
12	347.580
11	317.604
10	287.580
9	272.580
8	257.544
7	242.556
6	227.532
5	212.520
4	190.032
3	167.544
2	145.044
1	122.568

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada na escala anterior

poderá ser modificada nos casos que así proceda, de acordo coa normativa vixente, sen que isto implique variación do nivel de complemento de destino asignado ó posto de traballo.

d) O complemento específico que, se é o caso, estea fixado ó posto que se desempeñe, do que a súa contía experimentará un incremento do 6% respecto da aprobada para o exercicio de 1989, sen prexuício, se é o caso, do previsto no artigo 5.1.a) desta lei.

e) O complemento de produtividade retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo.

1.— En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

2.— O complemento de produtividade será concedido polos conselleiros ou xefes de unidades ós que se lles asignasen créditos globais para a súa atención, de acordo cos criterios que aprobe o Consello da Xunta por proposta das consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda.

3.— En todo caso, as cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñece-

mento público e expoñeranse para tal efecto nos centros de traballo.

f) As gratificacións por servicios extraordinarios que concederá o Consello da Xunta por proposta da Consellería correspondente e dentro dos créditos asignados para tal fin.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas polos servicios extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

g) Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1989.

Estes complementos persoais e transitorios serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 1990, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo.

Incluso no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución das retribucións manterase o complemento persoal transitorio fixado ó producirse a aplicación do novo sistema, á absorción do cal se lle imputará calquera mellora retributiva ulterior, incluso as que poidan derivarse do cambio de posto de traballo.

Para efectos da absorción prevista nos parágrafos anteriores, o

incremento de retribucións de carácter xeral que se establece nesta lei só se computará no 50% do seu importe, entendendo que teñen este carácter o soldo, referido a catorce mensualidades, o complemento de destino e o específico. En ningún caso se considerarán os trienios, o complemento de produtividade, nin as gratificacións por servicios extraordinarios.

Dous.— Os funcionarios interinos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, a excepción dos docentes universitarios, percibirán o 100% das retribucións básicas, excluídos trienios, correspondentes ó grupo no que estea incluído o corpo en que ocupen vacante, e o 100% das retribucións complementarias que correspondan ó posto de traballo que desempeñen.

Tres.— O complemento de produtividade poderá atribuírselles, se é o caso, ós funcionarios interinos a que se refire o punto anterior, así como ós funcionarios eventuais e ós funcionarios en prácticas cando as mesmas se realicen desempeñando un posto de traballo e estea autorizada a aplicación do devandito complemento ós funcionarios de carreira que desempeñen análogos postos de traballo.

Catro.— No ámbito da docencia universitaria os funcionarios interinos percibirán o 100% das retribucións básicas, excluídos trienios, correspondentes ó grupo no

que estea incluído o corpo en que ocupen vacante e as retribucións complementarias que procedan, de acordo coa normativa aplicable ós mesmos.

Artigo 8. Aumento de retribucións en casos especiais.

Os funcionarios dos corpos de sanitarios locais que presten servizos en partidos sanitarios, casas de socorro e, se é o caso, hospitais municipais experimentarán en 1990 un incremento do 6% sobre as correspondentes retribucións básicas percibidas no ano 1989.

As retribucións complementarias destes funcionarios fixaranse con base no disposto no Decreto 3206/1967, do 28 de decembro, incrementando, se é o caso, os importes no 6% respecto de 1989.

Os sanitarios locais non comprendidos nos números anteriores percibirán as retribucións básicas e complementarias que lles correspondan en aplicación do disposto no artigo 5 desta lei.

Capítulo II

Outras disposicións en materia de réxime do persoal activo

Artigo 9. Prohibición de ingresos atípicos.

Durante o ano 1990, os empregados públicos comprendidos dentro do ámbito de aplicación da presente lei, con excepción daque-

les sometidos ó réxime de arancel, non poderán percibir ningunha participación nos tributos, nas comisións ou noutros ingresos de calquera natureza que lle correspondan á Administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdicción, nin participación ou premio en multas impostas aínda que estivesen normativamente atribuídos ós mesmos, debendo percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo e sen prexuício do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades.

Artigo 10. Outras normas comúns.

Un.— Cando as retribucións percibidas no ano 1989 non se correspondesen coas establecidas con carácter xeral no título II da Lei 13/1988 e non sexan de aplicación as establecidas no mesmo título da presente lei, continuaránse percibindo as mesmas retribucións ca no ano 1989, incrementadas no 6%.

Dous.— Na Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos, nos casos de adscrición durante 1990 dun funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ó posto de traballo a que se adscribe, o devandito funcionario percibirá as retribucións que correspondan ó posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación que autorice a Consellería da Presidencia e Administra-

ción Pública por proposta das consellerías interesadas.

Só para os efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, a Consellería da Presidencia e Administración Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do funcionario.

A Consellería da Presidencia e Administración Pública comunicalle estas autorizacións á Consellería de Economía e Facenda para o seu coñecemento.

Tres.— Os funcionarios de carreira que cambien de posto de traballo, agás nos casos previstos na letra a) do artigo 15 da Lei 13/1988, terán dereito durante o prazo posesorio á totalidade das retribucións, tanto básicas coma complementarias, de carácter fixo e periodicidade mensual.

Para a aplicación do disposto no presente punto, no caso de que o termo do devandito prazo se produza dentro do mesmo mes en que se efectuou o cesamento, as citadas retribucións faraanse efectivas a dependencia que dilixencie o devandito cesamento e, de conformidade co disposto no referido artigo 15, por mensualidade completa e de acordo coa situación e os dereitos do funcionario referidos ó primeiro día hábil do mes en que se produce o cesamento. Se, polo contrario, este termo recaese nun mes distinto ó do cesamento, as retribucións do primeiro mes

faranse efectivas da forma indicada e as do segundo aboaraas a dependencia correspondente ó posto de traballo a que se accede, así mesmo por mensualidade completa e na contía correspondente ó posto en que se tomou posesión, sen prexuício do disposto nas letras b) e c) do citado artigo 15 da Lei 13/1988.

Catro.— As referencias relativas a retribucións contidas na presente lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Cinco.— As referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes líquidos para os efectos do cálculo de anticipos reintegrables ós funcionarios entenderanse feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciban os mesmos nos seus importes líquidos.

Artigo 11. Requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario.

1. Durante o ano 1990, será preciso informe favorable conxunto da Consellería da Presidencia e Administración Pública e da de Economía e Facenda para proceder a determinar ou modifica-las condicións retributivas do persoal non funcionario e laboral ó servizo de:

- a) A Administración da Comunidade Autónoma.
- b) O Consello de Contas.
- c) O Consello da Cultura Galega.

d) A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas sociedades xestoras.

e) A Universidade.

2. Con carácter previo ó comenzo das negociacións de convenios ou acordos colectivos que se celebren no ano 1990, deberá solicitarse da Consellería de Economía e Facenda a correspondente autorización de masa salarial, que cuantifique o límite máximo das obrigas que se poidan contraer como consecuencia dos devanditos pactos, aportando para o efecto a certificación das retribucións salariais satisfeitas e devengadas en 1989.

Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo, do cal as retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberán comunicárselle á Consellería de Economía e Facenda as retribucións satisfeitas e devengadas durante 1989, que servirán de base para a aplicación dos incrementos retributivos para 1990.

Para a determinación das retribucións de postos de traballo de nova creación bastará coa emisión do informe a que se refire o punto 1 do presente artigo.

3. Para os efectos dos epígrafes anteriores, entenderase por determinación ou modificación de condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

a) Asinamento de convenios colectivos subscritos polos organismos sinalados no punto 1 anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións ós mesmos.

b) Aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións ós mesmos.

c) Fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo.

d) Outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral con carácter individual ou colectivo, aínda que se deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.

4. Co fin de emitilo informe sinalado no punto 1 deste artigo, as consellerías, os organismos e os entes remitiranlles ás consellerías de Economía e Facenda e da Presidencia e Administración Pública o correspondente proxecto, con carácter previo ó seu acordo ou asinamento no caso dos convenios colectivos ou contratos individuais, acompañando a valoración de tódolos seus aspectos económicos.

5. O sinalado informe será cumprimentado no prazo máximo de quince días, que se contarán desde a data de recepción do proxecto e

da súa valoración, e versará sobre todos aqueles extremos dos que se deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 1990 coma para exercicios futuros, e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ó control do seu crecemento, sen prexuízo do disposto no artigo 5.3 desta lei.

6. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios ó que determinen as futuras leis de presupostos.

7. Non poderán autorizarse gastos derivados da aplicación das retribucións para 1990 sen o cumprimento dos requisitos establecidos no presente artigo.

Artigo 12. Contratación de persoal laboral con cargo ós créditos de investimentos.

1. As consellerías, os organismos autónomos e os entes poderán formalizar durante 1990, con cargo ós respectivos créditos de investimentos, contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servicios, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras por administración directa e con apli-

cación da lexislación de contratos do Estado, ou a realización de servicios que teñan a natureza de investimentos.

b) Que tales obras ou servicios correspondan a investimentos previstos e aprobados nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

c) Que as obras ou os servicios non poidan ser executados co persoal fixo do cadro de persoal e non exista dispoñibilidade suficiente no crédito presupostario destinado á contratación de persoal.

2. Os contratos terán que formalizarse seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores, aprobado pola Lei 8/1980, do 10 de marzo, na redacción dada pola Lei 32/1984, do 2 de agosto, e conforme ó disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración pública. Nos contratos farase constar, cando proceda, a obra ou o servizo para a realización do cal se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, dos que se puidesen derivar dereitos de fixeza para o persoal contratado, poderán dar lugar á esixencia de responsabilidades, segundo o artigo 95 da Lei 3/1984,

do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia.

3. A contratación poderá exceder do exercicio presupostario cando se trate de obras ou servizos que sobrepasen o devandito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevén no artigo 44 da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia ou nesta propia Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1990.

4. O Servicio Xurídico da Consellería, organismo ou entidade terá que emitir informe sobre os contratos, con carácter previo á súa formalización, e, en especial, pronunciarase sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e das formalidades esixidos pola lexislación laboral.

5. A realización dos contratos regulados no presente artigo será obxecto de fiscalización previa nos casos en que a mesma resulte preceptiva de conformidade co disposto nos artigos 76 a 90 da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia. Para estes efectos, os créditos de investimentos entenderanse axeitados para a contratación de persoal eventual se non existe crédito suficiente para iso no concepto presupostario destinado especificamente á devandita finalidade.

Nos organismos autónomos da Comunidade Autónoma con actividades industriais, comerciais, financeiras e análogas, esta contratación requirirá informe favorable do correspondente interventor delegado, que versará sobre a non dispoñibilidade de crédito no concepto presupostario destinado á contratación de persoal eventual no capítulo correspondente. No caso de desconformidade co informe emitido, o organismo autónomo poderá elevarlle o expediente á Consellería de Economía e Facenda para a súa resolución.

Artigo 13. Autorización dos custos de persoal das universidades competencia da Comunidade Autónoma.

1. De conformidade co disposto no artigo 54.4 da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, en relación coa súa disposición final segunda, autorízanse os custos de persoal funcionario docente e non docente e contratado docente das universidades de competencia da Administración autonómica polos importes detallados no anexo 1 desta lei.

2. As universidades de competencia da Comunidade Autónoma ampliarán os seus créditos do capítulo I en función da distribución que dos créditos realice a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, caso no que non será de aplicación o contido no artigo 55.1 da citada Lei orgánica de reforma universitaria.

Título III

Das operacións financeiras

Capítulo I

Avales

Artigo 14. Avales.

1. A Comunidade Autónoma durante o exercicio de 1990 poderá avalar operacións de crédito a favor dos seus organismos autónomos, empresas públicas ou participadas, corporacións locais e empresas privadas, por un importe máximo de 6.000 millóns de pesetas, nos termos legais que se mencionan a continuación e nos regulamentarios que se establezan. Os devanditos avales poden estenderse a operacións de pagamento aprazado e referirse a plans de investimento, aínda que, en todo caso, definidos temporalmente e cun límite máximo de garantía por entidade avalada.

2. Ata un importe de 4.000 millóns de pesetas, a Comunidade Autónoma poderá outorgar un primeiro aval no que se acorde a renuncia ó beneficio de exclusión que establece o artigo 1830 do Código civil, para os créditos, pagamentos aprazados de plans de investimento concertados para as corporacións locais, organismos autónomos, entes e empresas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Dentro do importe máximo do punto anterior, a Comunidade

Autónoma poderá conceder, nas condicións que regulamentariamente se establezan, aval subsidiario ós créditos concertados polas empresas e operacións que se especifican:

a) Ós armadores de buques por encargos a empresas do sector naval domiciliadas en Galicia, mentres non sexa tecnicamente posible a constitución de hipoteca naval dos buques en construción.

b) Ás empresas que polas súas características específicas sectoriais sexan susceptibles de recibir axudas pola Comunidade Autónoma para a creación e mantemento de empresas, sempre que os créditos para os que se solicite aval teñan como finalidade o financiamento de investimentos.

c) Ás empresas participadas pola Comunidade Autónoma e SODIGA para o financiamento de operacións de igual finalidade e natureza á descrita no punto anterior.

d) Ás cooperativas de traballadores autónomos da Comunidade Autónoma, sempre que os créditos para os que se solicite aval teñan a finalidade de financiar operacións de investimentos realizadas polos citados axentes.

e) A empresas privadas galegas para operacións de prefinanciamento de exportacións.

f) Ás sociedades anónimas laborais, cooperativas de traballadores,

sociedades agrarias de transformación e outras similares, para operacións de investimentos e, no momento da súa constitución, de saneamento financeiro realizadas polas mesmas.

4. Na distribución e adxudicación dos avales regulados no punto anterior establécese unha prioridade en función da conxunción dos seguintes criterios:

a) Os indicados na letra f) do punto anterior.

b) Iniciativas que supoñan alternativas reais de saída para factorías, empresas ou sectores en crise.

c) Empresas de sectores punta ou potencial relevancia para o desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma.

d) Iniciativas empresariais que supoñan unha maior captación de mercados exteriores.

5. Poderase conceder un aval complementario ó prestado polas Sociedades de Garantía Recíproca Galegas que cubra a maior contía solicitada sobre a máxima que estatutariamente lles poden outorgar estas institucións ás empresas privadas domiciliadas na Comunidade Autónoma, e o emprestado por outras entidades de crédito e seguro, en créditos que teñan como finalidade o financiamento de investimentos ou de contratos de subministracións con empresas públicas ou privadas. Os ditos avales serán da

mesma natureza xurídica cós contemplados no punto 3 deste artigo, e terán como límite global de garantía o importe de 2.000 millóns de pesetas.

6. A contía dos avales, por beneficiario e alínea, non poderá exceder do 5% da cantidade global establecida no número 1 deste artigo. Este límite será do 10% nos avales que se poidan conceder ó abeiro do disposto nas alíneas 3.b) e 3.c) do presente artigo.

Para os efectos de fixa-los límites establecidos neste número, acumularanse os avales vixentes xa concedidos.

7. Os avales que se concedan ó abeiro do disposto nos puntos anteriores garantirán un máximo do 80% final da contía da operación para a que se concede o aval, excepto os que se concedan ó abeiro do previsto no punto 5, no que o aval pode cubri-la totalidade da operación de crédito.

8. Non se lles imputará ós límites indicados no punto 1 o importe dos avales que se presten por motivo de refinanciamento ou substitución de operacións de crédito, na medida en que impliquen cancelación de avales anteriormente concedidos.

9. O Goberno comunicalle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos, con periodicidade trimestral, o importe e as características dos avales concedidos no presente capítulo.

Capítulo II

Operacións de crédito

Artigo 15. Operacións de crédito.

1. Autorízase ó Consello da Xunta para que, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, proceda, tanto no interior coma no exterior, a emitir débeda pública da Comunidade en calquera das súas modalidades, negociable ou non negociable, así como a concertar con institucións financeiras operacións de crédito amortizable por prazo superior a un ano ata un importe máximo de 45.500 millóns de pesetas, e con destino a operacións de capital.

2. Autorízase ó conselleiro de Economía e Facenda para que:

a) Sinala o tipo de interese, condicións, beneficios fiscais legalmente establecidos e demais características das operacións de endebedamento sinaladas no número anterior e formalice, se é o caso, en representación da Comunidade Autónoma, tales operacións, adaptándose sempre que sexa preciso ás prácticas financeiras que xurdan da evolución dos mercados financeiros.

b) Proceda, ó abeiro do disposto nas respectivas normas de emisión ou contratación, ó reembolso anticipado de emisións de débeda da Comunidade Autónoma ou de créditos recibidos, ou á revisión dalgunha das súas condicións, cando a situación do mercado ou

outras circunstancias así o aconsellen.

c) Concerte operacións de cambio, conversión, prórroga ou intercambio financeiro, relativas a operacións de crédito existentes con anterioridade, para obter un menor custo ou unha mellor distribución da carga financeira ou preve-los posibles efectos derivados das fluctuacións nas condicións de mercado.

3. As operacións que se realicen ó abeiro da autorización a que fai referencia o número 1 deste artigo poderanse formalizar no transcurso de dous anos a partir da data da publicación da presente lei no *Diario Oficial de Galicia*.

4. A Xunta comunicarlle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de Galicia, con periodicidade trimestral, o importe e as características principais das operacións de crédito realizadas ó abeiro das autorizacións contidas neste artigo.

Artigo 16. Débeda da Tesourería.

Durante o exercicio de 1990, o Goberno, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá emitir débeda da Tesourería e concertar operacións de crédito con termo de reembolso igual ou inferior a un ano por un importe máximo do 10% da participación en ingresos do Estado, destinado a atender necesidades transitorias de Tesourería.

Título IV
Normas tributarias

Capítulo único
Tributos propios

Artigo 17. Taxas.

1. Elévanse os tipos das taxas de contía fixa, por prestación de servizos e por realización das actividades a que se refire o artigo 7.2 da LOFCA, ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente do 1,05 ás contías actualmente esixibles.

2. Para os efectos do punto anterior considéranse taxas de contía fixa aquelas en que a cota tributaria non estea fixada nunha porcentaxe da base ou esta non se valore en unidades monetarias.

Título V
Dos procedementos de xestión presupostaria

Capítulo único

Dos procedementos de xestión presupostaria

Artigo 18. Contía mínima de aprobación de gastos de investimentos polo Consello da Xunta.

1. A realización de gastos de investimento de calquera natureza, en contía superior a 500 millóns de pesetas, requirirá a aprobación do Consello da Xunta.

2. A aprobación a que se refire o parágrafo anterior implica a autorización do Consello da Xunta para contratar.

3. Autorízaselles ós órganos de contratación, con carácter xeral, a tramitación urgente, prevista no artigo 26 da Lei de contratos do Estado, para a contratación de obras de ata 500 millóns de pesetas, aínda que o prazo de presentación de proposicións non será inferior a quince días.

4. Para os efectos do establecido neste artigo son órganos de contratación da Xunta as respectivas consellerías.

Artigo 19. Contratación directa de obras.

1. O Consello da Xunta, por proposta das consellerías interesadas, poderá autoriza-la contratación directa de proxectos de obras que se inicien durante o exercicio de 1990, calquera que sexa a orixe dos fondos, cando o presuposto das mesmas exceda de 25 millóns de pesetas e non supere os 50 millóns de pesetas.

2. A contratación directa das obras farase baixo os principios de obxectividade, publicidade e concorrencia, e os proxectos deberán referir a obras completas, sen que os obxectos dos contratos poidan fraccionarse en partes ou grupos. En todo caso previamente enviaránselle ó *Diario Oficial de Galicia* e publicaranse nos xornais da provincia na que se vaia execu-

ta-la obra as condicións técnicas e económicas da mesma.

3. Durante os primeiros quince días dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, a Xunta de Galicia remitiralle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos a relación de expedientes tramitados ó abeiro do presente artigo no trimestre anterior.

4. Terán a consideración de gastos menores os referentes á contratación de obras, servicios, subministracións, adquisicións, asistencia e traballos específicos e concretos non habituais por importe non superior a 1 millón de pesetas. Para a súa tramitación só será esixible proposta de adxudicación ou adquisición razoada e certificación de existencia de crédito e, para o seu aboamento, factura ou xustificación correspondente, podendo acumularse nun só acto as devanditas fases.

Artigo 20. Outros gastos de investimento.

1. Poderán estenderse a exercicios posteriores a aquel en que se acorden os compromisos de gasto que sexan consecuencia da subsidiación de tipos de interese que se concedan coa finalidade de apoialos investimentos que se vaian realizar na creación de novas empresas e na súa ampliación ou modernización. Regulamentariamente fixarase o prazo a que os citados compromisos poden estenderse.

2. Por acordo do Consello da Xunta, adoptado mediante o procedemento descrito no número 1 anterior, poderanse adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, cando se trate de adquisicións de vivendas para a calificación de promoción pública, de adquisición de terreos para a construción de vivendas de protección oficial, de concesión de préstamos para a promoción de vivendas mediante convenios, para axudas económicas persoais e para o apoio financeiro a vivendas sociais, así como de concesión de subvencións para subsidiación de intereses de préstamos para vivendas de protección oficial.

3. A Xunta de Galicia daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos de tódalas operacións de subsidiación de créditos que, de acordo coa normativa aplicable, excedan dos límites fixados con carácter xeral.

A Consellería de Economía e Facenda emitiralle informe á mesma Comisión do Parlamento sobre o estado da xestión do programa de subsidiación ós tipos de interese antes do remate do presente exercicio.

Disposición adicional primeira

As dotacións presupostarias da sección 01, Parlamento, libranse en firme e periodicamente a nome do mesmo, a medida que este o requira, e non estarán suxeitas a

ningún tipo de xustificación ante o Goberno autónomo.

Os documentos contables que se expidan no ámbito de xestión para facer efectivas as dotacións presupostarias a favor do Parlamento de Galicia serán propostos e autorizados pola Consellería de Economía e Facenda.

Disposición adicional segunda

Mantense a vixencia dos artigos 10 «Pagamentos que hai que xustificar», 11 «Da ordenación de pagamentos», 12 «Liquidación de presuposto» e 13 «Obrigas de exercicios pechados e imputación de créditos» da Lei 1/1986, do 29 de outubro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1986, así como da disposición adicional duodécima da Lei 2/1988, do 5 de marzo, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1988, e do punto 2 do artigo 14 e do artigo 15 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1989.

Disposición adicional terceira

As subvencións concedidas con cargo ó capítulo IV dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma poderán acadala fase «O» en contabilidade con carácter de «que hai que xustificar» no momento en que exista resolución firme que autorice a súa adxudicación ós beneficiarios. No caso de non satisfacerse antes do pechamento do exercicio, pasarán con tal

carácter a formar parte da relación de acredores.

Disposición adicional cuarta

Para poder dispoñer dos fondos incluídos na partida presupostaria de «Estudios e traballos técnicos» será precisa a previa aprobación polo Consello da Xunta, por proposta do conselleiro respectivo, sempre e cando a contía de cada proposta individualizada de gasto supere os 3 millóns de pesetas.

Disposición adicional quinta

Facúltase á Consellería de Economía e Facenda para establecer con carácter permanente o control financeiro regulado no artigo 83 e seguintes da Lei 3/1984, de xestión económica e financeira pública de Galicia, respecto da totalidade das operacións efectuadas pola Compañía de Radio-Televisión de Galicia e polas súas sociedades, sen prexuício do seu réxime estatutario. A anterior facultade será executada pola Intervención Xeral.

Disposición adicional sexta

1. A concesión de axudas e subvencións con cargo ós créditos do capítulo de transferencias correntes e de capital consignados nos presupostos da Comunidade Autónoma farase conforme a criterios de publicidade, concorrancia e obxectividade, excepto as que se recollan expresamente con carácter nominativo na Lei de presupostos, entendendo como tales aque-

las con destinatario que figure inequivocamente nos anexos correspondentes da presente lei.

2. Polo que respecta ás transferencias correntes, poderanse conceder directamente nos seguintes supostos:

a) As que derivadas de convenios da Comunidade Autónoma con outros entes públicos e privados supoñan a afectación do crédito.

b) Aquelas que non estando incluídas nos puntos anteriores non excedan de 1 millón de pesetas por beneficiario e ano, sempre que as concedidas por cada Consellería non superen globalmente os 10 millóns de pesetas no exercicio. No que se refire á sección presupostaria número 04, servizo 01, Secretaría Xeral do Presidente, as cantidades antes mencionadas serán de 3 e 20 millóns de pesetas, respectivamente.

c) As que superen calquera dos límites previstos na alínea b) e que polo seu obxecto non lles sexan aplicables os principios de publicidade e concorrencia deberán ser concedidas por acordo motivado do Consello, dándolle conta á Comisión correspondente do Parlamento de Galicia.

Disposición adicional sétima

As subvencións que se deriven do programa de electrificación rural, PLANER, serán destinadas de maneira exclusiva á electrificación dos núcleos rurais. Non se subvencionará, en ningún caso, a

electrificación de urbanizacións nin vivendas illadas dedicadas a segunda residencia.

Disposición adicional oitava

A Consellería de Economía e Facenda, con cargo á Tesourería da Comunidade, poderalles conceder anticipos ós contratistas de obras financiadas polo capítulo VI dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de acordo coas seguintes normas:

a) O importe máximo que se vaia anticipar en cada caso non excederá do 25% do presuposto de adjudicación pendente de executar nin do límite de 100 millóns de pesetas.

b) O anticipo que se establece nesta disposición non poderá facerse efectivo ata que exista constancia fidedigna de que as obras se iniciaron, podendo concederse dous novos anticipos dentro dos límites previstos na letra a) sempre que os anteriores fosen cancelados totalmente pola presentación e aceptación de certificacións de obra.

c) O mantemento e a concesión dos anticipos están condicionados a que o director da obra ou o órgano de contratación emita informe favorable sobre o ritmo de execución da mesma, previsto no contrato.

d) O contratista, previamente á concesión de calquera anticipo, terá que presentar aval bancario ou de entidade aseguradora que se

considere suficiente para garantir-las importes anticipados. Este aval terá carácter indefinido e estará á disposición da Dirección Xeral de Presupostos e do Tesouro da Consellería de Economía e Facenda, que ordenará a súa execución polo importe anticipado pendente de xustificar no momento en que o director da obra ou o órgano de contratación lle comunique o incumprimento dos prazos de execución contractualmente previstos. Para estes efectos dentro dos primeiros quince días de cada mes informarán á citada Dirección Xeral sobre estes extremos, por referencia ó mes anterior.

Disposición adicional novena

Autorízase ó conselleiro de Economía e Facenda para cancela-las subvencións ó tipo de interese de préstamos concedidos a pequenas e medianas empresas e ó sector productivo agrario con cargo a calquera dos exercicios anteriores, mediante un pagamento dunha soa vez, actualizando o seu importe na data de cancelación ó tipo de interese legal do diñeiro, destinándose necesariamente o dito importe á amortización do préstamo.

Disposición adicional décima

Toda subvención que, con cargo ós presupostos xerais da Comunidade Autónoma, vaia destinada a empresas públicas da Comunidade ou por ela participadas requirirá informe previo favorable da Consellería de Economía e Facenda.

Disposición adicional décimo primeira

Os capítulos e artigos do título II da Lei 3/1984, do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia, que a seguir se indican quedan redactados da seguinte forma:

«Capítulo IV.— Normas aplicables ós organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo.»

«Artigo 60

1. Ós presupostos dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos achegaránselle-las seguintes estados:

- Conta de operacións comerciais.
- Conta de explotación.
- Cadro de financiamento.
- Estado demostrativo da variación do fondo de manobra.

2. As operacións propias da actividade destes organismos, recollidas na conta de operacións comerciais, non estarán sometidas ó réxime de limitación establecido nesta lei para os créditos incluídos no estado de gastos dos seus presupostos, aínda que o saldo desta conta non poderá producir déficit presupostario ó organismo no exercicio económico.»

«Artigo 61

O exercicio presupostario coincidirá co ano natural sen prexuício dos axustes necesarios cando as operacións que realice o organismo autónomo estean vinculadas a un ciclo productivo distinto, que non poderá ser superior a doce meses.»

«Capítulo V.— Normas aplicables ás empresas públicas.»

«Artigo 62

1. As empresas públicas galegas a que se refire o artigo 7 desta lei elaborarán anualmente un programa de actuación, investimentos e financiamento co seguinte contido:

a) Un estado no que se recollerán os investimentos reais e financeiros que se deberán efectuar durante o exercicio social.

b) Un estado no que se especificarán os fornecementos da Xunta de Galicia, dos seus organismos autónomos e doutros entes da Comunidade Autónoma partícipes no capital das mesmas, así como as demais fontes de financiamento dos seus investimentos.

c) A expresión dos obxectivos que hai que alcanzar no exercicio e, entre eles, as rendas que se esperan xerar.

d) Unha memoria da avaliación económica do investimento ou

investimentos que se vaian comenazar no exercicio.

2. O programa a que se refire o número anterior responderá ás previsións plurianuais oportunamente elaboradas.

3. Calquera organismo autónomo dos incluídos na alínea b) do número 1 do artigo 6 desta lei só poderá incrementa-la cifra total que lle dedique ó financiamento dos programas das distintas empresas públicas galegas en que participe ata un 5%. Nos demais casos necesitarase autorización da Xunta.

4. Estas empresas elaborarán anualmente, ademais do programa que describe o número 1 deste artigo, un presuposto de explotación que detallará os recursos e as dotacións anuais correspondentes. Así mesmo, formarán un presuposto de capital co mesmo detalle.

5. Se as empresas reciben subvencións de explotación ou capital con cargo ós presupostos xerais da Comunidade Autónoma, as variacións nos presupostos a que se refire o número 4 deste artigo que non afecten ás subvencións dos presupostos xerais desta Comunidade serán autorizadas polo conselleiro de Economía e Facenda cando o seu importe non exceda do 5% do respectivo presuposto, e pola Xunta de Galicia nos demais casos.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, as variacións

dos presupostos de explotación e capital calcularanse sobre as seguintes bases:

a) Presupostos de explotación: a variación calcularase sobre a suma de tódalas dotacións do presuposto de explotación do exercicio, sen incluí-lo «beneficio de explotación».

b) Presupostos de capital: a variación calcularase sobre a suma de tódalas dotacións do presuposto de capital do exercicio, sen incluír, se é o caso, a «variación do fondo de manobra».

En todo caso, a suma total de obrigas contraídas polas empresas ou entidades a que se refire o artigo 7 desta lei durante cada exercicio económico non poderá superar a suma total de dereitos recoñecidos e liquidados en igual período, aínda que as dotacións autorizadas no presuposto dispoñan de remanente libre.»

«Artigo 63

1. A estrutura básica do programa así como a do presuposto de explotación e, se é o caso, de capital, será establecida pola Consellería de Economía e Facenda e desenvolvida por cada empresa pública de acordo coas súas necesidades.

2. A Xunta daralle conta ó Parlamento de Galicia dos principios que informan os programas de actuación das empresas públicas galegas.»

O punto 3 do artigo 64 queda redactado así:

«3. Os presupostos de explotación ou de capital que se teñan que elaborar conforme ó disposto no número 4 do artigo 62 desta lei serán remitidos polas correspondentes empresas públicas, ó mesmo tempo có anteproxecto de programa de actuación, a que se refire o número 1 anterior, á mesma Consellería, xunto cunha memoria explicativa do seu contido e da liquidación do presuposto do exercicio anterior, para efectos da súa inclusión nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma.»

Disposición adicional décimo segunda

1. As subvencións de capital que se concedan con cargo ó capítulo VII dos presupostos da Comunidade Autónoma satisfaranse logo da liquidación definitiva na que quede xustificado que se cumpriron as condicións xerais e particulares que lles sexan aplicables.

Poderanse efectuar pagamentos con cargo a liquidacións parciais conforme ás seguintes normas:

a) Que o interesado o solicite.

b) Que se xustifique non só o investimento senón tamén os pagamentos efectuados ata ese momento con cargo ó proceso investidor aprobado.

c) Que o importe parcial da subvención que se vai satisfacer non

exceda nin da porcentaxe de subvención aprobada para o proxecto nin da contía da anualidade prevista para o exercicio presupostario de que se trate.

d) O importe que se pode satisfacer por pagamentos parciais non poderá exceder en ningún caso do 80% do montante total da subvención concedida.

e) Non se poderán solicitar pagamentos parciais mentres non quede acreditado que o destinatario da subvención aplicase o proceso investidor á totalidade dos recursos propios previstos no plan financeiro aprobado.

f) Os pagamentos parciais quedan condicionados ó resultado da liquidación definitiva da subvención e para estes efectos estarán garantidos con aval bancario ou de entidade aseguradora que se considere suficiente e por tempo indefinido. Este aval estará ó dispor da Consellería xestora e soamente se poderá levantar unha vez que a subvención se liquide definitivamente de conformidade. O citado aval garantirá o principal e os intereses calculados polo interese legal do diñeiro e por un prazo que medie entre a data da solicitude e o último día no que de acordo coas normas de concesión da subvención esta deba ser xustificada.

2. Facúltase á Xunta de Galicia para que, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, regule aqueles casos nos que se

poden efectuar pagamentos anticipados co carácter de «que hai que xustificar».

Esta autorización só se estende a aquelas subvencións que non excedan de 5 millóns de pesetas.

Os pagamentos anticipados non excederán do 50% da subvención, debendo quedar igualmente reguladas a xustificación e a garantía que se vai esixir para a súa liquidación definitiva.

3. A Consellería de Economía e Facenda poderá dicta-las disposicións que se consideren necesarias para a mellor aplicación desta disposición.

Disposición adicional décimo terceira

As entidades que constitúen a Administración institucional da Comunidade Autónoma transferiránlle á Xunta de Galicia o importe dos remanentes líquidos de Tesourería, resultantes das liquidacións dos correspondentes exercicios presupostarios.

A Consellería de Economía e Facenda poderá xerar con este importe crédito no programa 531B, «Imprevistos e funcións non clasificadas».

Disposición adicional décimo cuarta

Autorízase á empresa pública Televisión de Galicia, Sociedade Anónima, para que poida subscribir un contrato de préstamo ou cré-

dito con entidade ou entidades financeiras ata un importe máximo de catro mil douscentos setenta e sete millóns duasetentas trece mil cento oitenta e cinco pesetas (4.277.213.185), que será amortizado nun período non inferior a cinco anos, co obxecto de cubri-los desequilibrios presupostarios existentes a 31 de decembro de 1989.

A Compañía de Radio-Televisión de Galicia, como ente que exerce as competencias e facultades accionariais da dita sociedade, solicitará da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia o asesoramento, a dirección e a aprobación da correspondente operación de crédito.

A Consellería de Economía e Facenda comunicarlle á Comisión 3.^a o préstamo ou crédito que a empresa pública TVG, SA, subscriba ó abeiro da presente disposición.

Disposición adicional décimo quinta

1. Para facilita-la adecuada dotación de infraestructuras básicas nas áreas menos desenvolvidas e diminuír deste xeito os desequilibrios intrarrexionais de Galicia, dótase o programa presupostario 811B, «Outras transferencias a corporacións locais», cun crédito de tres mil douscentos cincuenta millóns de pesetas (3.250.000.000), que figura na sección 05, Economía e Facenda, servizo 08, Dirección Xeral de Planificación e Relacións coa CEE.

2. O devandito crédito destinarase a gastos de investimento real a través de proxectos que poderán ser executados directamente por concellos e deputacións e cofinanciados total ou parcialmente con cargo a este crédito.

3. Trala aprobación dos presupostos xerais de 1990, a Xunta publicará as normas pertinentes de regulación, nas que se fixarán os criterios de distribución, selección de proxectos, xestión e seguimento deste fondo.

Disposición adicional décimo sexta

Para facer efectiva a aplicación dos decretos de desconcentración autorízase ás consellerías a facer-las redistribucións dos créditos ou dos servizos que fosen necesarios.

Destá redistribución daráselle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos.

Disposición transitoria primeira

1. Nas liquidacións que se lles practiquen ós funcionarios de carreira, interinos e contratados administrativos para satisfacer-las retribucións que correspondan de acordo co disposto na presente lei deberá deducirse o incremento a conta do 5% autorizado desde o 1 de xaneiro de 1990.

2. O incremento a conta do 5% satisfeito ó persoal laboral deixárase de percibir no momento en

que se proceda ó reparto da masa salarial prevista no artigo 5.3 da presente lei, absorbéndose as cantidades aboadas en concepto de incremento a conta polas novas retribucións resultantes.

Disposición transitoria segunda

Autorízase un novo prazo, que finalizará o 31 de decembro de 1990, para formaliza-las operacións a que se refire o número Un do artigo 26 da Lei 2/1988, do 5 de marzo, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1988, polos importes non utilizados.

Disposición derradeira primeira

1. Os gastos autorizados con cargo ós créditos do presuposto de prórroga imputarase ós créditos autorizados pola presente lei. No caso de que nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1990 non houberse o mesmo crédito ca no presuposto prorrogado ou de que, habéndoo, a súa dotación resultase insuficiente, o gasto imputarase ós créditos da respectiva Consellería ou do organismo autónomo en que ocasione menos trastornos para o servizo público a súa minoración.

2. As incorporacións de crédito e aqueloutras modificacións presupostarias que determine a Consellería de Economía e Facenda, realizadas ata a aprobación da pre-

sente lei, terán efectividade nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1990.

Disposición derradeira segunda

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para que efectúe no presuposto de gastos da Comunidade Autónoma as adaptacións técnicas que procedan como consecuencia de reorganizacións administrativas, co fin de crea-los programas, seccións, servizos e conceptos presupostarios que sexan necesarios e autoriza-las transferencias de crédito correspondentes. Estas operacións, en ningún caso, darán lugar a un incremento do gasto.

Informarase de todas elas á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento dentro do mes en que aquelas se producisen.

Disposición derradeira terceira

A Xunta dictará, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta lei, que entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

(1)

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 1990

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

(1) O anexo incorporado a esta lei non se reproduce nesta edición.